

Nº 22

Xoves, 24 de xuño de 2010. Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio do Museo Provincial**. Duración aprox.: **1:30 h**. Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

SUMARIO

Música

Tema: *Ai, Amor* (Letra: X. Neira Vilas.

Música: Mero)

Intérpretes: **Mini e Mero (3')**

Aprendendo cos nosos maiores:
Xornadas interxeneracionais rurais de
Cabreiros
 por Xosé Manuel Felpeto (10')

Música

Tema: *Penélope* (Letra: Xosé M^a Díaz Castro.

Música: Mero)

Intérpretes: **Mini e Mero (3')**

O cruceiro da praza de Santa María de
Lugo
 por Fernando Arribas Arias (5')

Música

Tema: *O Cego da Xestosa* (Letra: Xabier

Prado Lameiro. Música: popular)

Intérpretes: **Mini e Mero (3')**

Poesía

O medo de Medusa viaja na áncora, por

Laura Branco (5')

Música

Tema: *Aradiño* (Letra: Manuel María. Música:

Antón Campelo)

Intérpretes: **Mini e Mero (3')**

Exposición virtual

As cores da terra, as cores do ceo, por
 Manuel Fernández 'Lolo' (10')

Música

Tema: *Alén do teu recordo* (Letra: Marica

Campo/Mero. Música: Mero)

Intérpretes: **Mini e Mero (3')**

Teatro (I)

Fragmentos da obra *Non quero crecer*, por
Grupo Trasnadas (10')

Poesía

Quem tem chegado ao cume é aquele que não
tem sombra, por **Laura Branco (5')**

Teatro (II)

Fragments da obra *Non quero crecer*, por
Grupo Trasnadas (10')

Música

Tema: *A Rosiña do Estanqueiro* (Letra e

música: popular)

Intérpretes: **Mini e Mero (3')**

Poesía

A bruma gris da manhã, por **Laura Branco (5')**

Opinión

Intervención do público. Entrega de diplomas
 aos amigos/as da revista (3')

Epílogo

Por Aurelia Balseiro, directora do MPL (3')

Contraportada musical

Tema: *Irmaus* (Letra: Celso E. Ferreiro.

Música: Mini)

Intérpretes: **Mini e Mero (3')**

COLABORAN NESTE NÚMERO

Fernando Arribas Arias

Profesor de EXB e Licenciado en Humanidades, traballa como Técnico de Difusión no Museo Provincial de Lugo. Etnógrafo e Historiador de Cine, leva publicados diversos traballos sobre a sétima arte en Lugo e sobre os cruceiros da Terra Chá. Conferencante e investigador, actualmente prepara a súa tese de Doutoramento sobre os cruceiros galegos. Membro da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico de Lugo en representación do Consello da Cultura Galega.

Laura Branco

Naceu en Foz en 1984. Licenciada nas Filoloxías Portuguesa e Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, é membro do grupo de investigación GALABRA (sobre os sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africanos de língua portuguesa) desde 2006. En cualidade de investigadora en formación desenvolve a súa tese de Doutoramento sobre a construcción discursiva e os procesos culturais no período histórico da Ilustración na Galiza. Combina esta faceta co hábito da escrita, desde a adolescencia, tendo publicado algúns poemas en revistas, e participado en diferentes recitais poéticos en diferentes lugares da xeografía galega, principalmente na Mariña de Lugo. Os tres que se presentan nesta entrega fan parte do seu libro inédito *Doenças dum espelho*.

Escola de Arte e Lecer: Teatro

A Escola de Arte e Lecer Fingoi é unha escola aberta de arte e cultura, onde se mestura a vanguarda e a tradición. O seu obxectivo é dar unha oferta de calidade, organizando obradoiros moi diversos, dirixidos a nenos/as, xoves e adultos, fóra do horario lectivo, coa fin de que os participantes poidan adquirir novos recursos para o seu tempo libre e de lecer e para que desenvolvan a súa creatividade e sensibilidade estética. O grupo *Palimoco* dirixe as actividades de teatro e danza nas que se pretende mellorar a expresión corporal e vocal, fomentar o diálogo e a creatividade dos nenos, romper coas tensións do corpo e da mente e desenvolver a atención nun mesmo. Progresivamente, os rapaces aumentan a súa expresividade e creatividade, coñecen o seu propio corpo e o movemento no espazo, participan na procura do ritmo individual e grupal, e aumentan a concentración e confianza nun mesmo. A obra "Non quero crecer", inspirada na historia de Peter Pan, é unha adaptación do Grupo *Trasnadas* baixo a dirección de Paula Buján coa intervención de arredor de 20 actores e actrices de entre 5 e 14 anos.

Manuel Fernández "Lolo"

Naceu en Anseán, o Corgo (Lugo) en 1956. Graduado en Artes Aplicadas, talla en madeira e

cerámica. Despois de pasar por diversas experiencias escultóricas (madeira, pedra, cemento) iniciase no campo da cerámica, formándose en numerosas técnicas. En 1999 recibiu o 1º Premio do *Certame Antonio Fraguas Fraguas* da Deputación da Coruña. Expuxo con regularidade desde 1983 en Sarria, Lugo, Madrid, Oviedo, A Coruña e Lorian. Actualmente amosa a mostra "As cores da terra, as cores do ceo" na Sala Pazo de San Marcos, sede da Deputación de Lugo, ata o 31 de xullo.

Mini e Mero

Xosé Luís Rivas Cruz (Mini), nado en Begonte o 18 de xuño de 1951, e Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Vilalba, 27 de xuño de 1951, músicos, poetas, mestres e investigadores do folklore e a cultura tradicional de Galicia, membros históricos de *Fuxan os Ventos* e actuais compoñentes de *A Quenlla*. Ademais da súa producción discográfica con estos grupos, teñen participado por separado ou conxuntamente noutros discos de música galega como o *Quiquiriquí* (2006) producido pola *Asociación de Gaiteiros Galegos* e en obras teatrais como *Pan, catro propostas arredor da malla* e publicado diversos libros. É salientable o seu labor de recompilación de contos, lendas, refráns, ditos ou poemas, principalmente na súa Terra Chá natal e nas zonas onde exercen o seu traballo de mestres: Mesía (Mero) e Boimorto (Mini). O arquivo sonoro froito deste labor, composto por milleiros de cintas magnetofónicas, foi cedido ao Museo do Pobo Galego para a súa dixitalización e incorporación ao Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI). No campo educativo son autores de diversos libros de texto de ciencias sociais, naturais e lingua galega para o ensino infantil e primario. En abril de 2009 foilles concedido o *Pedrón de Ouro* como recoñecemento á súa traxectoria de corenta anos de investigación musical.

Xornadas Interxeneracionais Rurais

As *Xornadas Interxeneracionais Rurais* nestes seis anos pretenderon seguir constituíndo un espazo de reflexión e debate dirixido, fundamentalmente, ós nosos maiores aos que se lles ofrecen charlas, presentación de ofertas de programas, visitas e festas culturais. Tamén están pensadas para os xoves e así poder desenvolver un traballo conxunto xa que un dos grandes legados dos nosos maiores é que sexan escoitados trasmitíndolos todo o que aprenderon ó longo da sua vida. Estamos ante unhas xornadas abertas nas que queremos contar cos máis novos e ofrecerelles un camiño para seguir avanzando na súa formación, nunha formación baseada tamén na aprendizaxe do no noso patrimonio que tan preto está de nós e moitas veces nin o vemos.